

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZIOKL	<i>Expediente</i> CON/48/2014	<i>Fecha</i> 13-03-15 10:40

Número 11 .- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á adxudicación definitiva das "Obras acceso zonas altas da Almaciga - Ámbito Santa Clara-Basquiños" á empresa PETROLAM A VEIGA, S.L.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 13 de marzo de 2015 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 11 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS "OBRAS ACCESO ZONAS ALTAS DA ALMÁCIGA - ÁMBITO SANTA CLARA-BASQUIÑOS" Á EMPRESA PETROLAM A VEIGA, S.L.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe-proposta, de data 26 de xaneiro de 2015, do director técnico de Desenvolvemento Urbano e Sostible, conformado coa mesma data pola Concelleira Delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible. Así mesmo, do informe favorable nº 2015/98 de data 3.3.15, da técnico de Intervención, conformado polo Interventor Xeral Municipal.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

"EXPEDIENTE: *Obras acceso zonas altas da Almaciga - Ámbito Santa Clara-Basquiños*

ASUNTO: *Adxudicación do contrato.*

ANTECEDENTES:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZIOKL	<i>Expediente</i> CON/48/2014	<i>Fecha</i> 13-03-15 10:40

Primeiro: Con data 18/12/2014 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis ventaxosa das presentadas é a do licitador PETROLAM A VEIGA, S.L.

Segundo: O concelleiro delegado de contratación, mediante resolución de 19-12-2014 requírelle para que aporte como trámite previo á adxudicación do contrato:

- Documentación xustificativa de estar ó corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade social
- Documentación acreditativa da súa solvencia económica e técnica
- Documentación acreditativa da súa capacidade de obrar
- Xustificación do pagamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes

Terceiro: Con data 22/01/2015 celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requerimentos.

En consecuencia e conforme ao acordado na antedita reunión da mesa de data 18/012/2014 procede realizar a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. e CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA, S.L. por non xustificar debidamente o carácter desproporcionado ou temerario da súa oferta económica.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor de **PETROLAM A VEIGA, S.L.**, por un importe de euros **281.247,96 euros** (IVE aparte 21%: 59.062,07euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 45900 60900.**"

Enteirados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZIOKL	<i>Expediente</i> CON/48/2014	<i>Fecha</i> 13-03-15 10:40

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. e CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA, S.L. por non xustificar debidamente o carácter desproporcionado ou temerario da súa oferta económica.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor de **PETROLAM A VEIGA, S.L.**, por un importe de euros **281.247,96 euros** (IVE aparte 21%: 59.062,07 euros), ao ser a máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 45900 60900**.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Manuel Martínez Varela

